



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Por medio da presente anuncio poño no seu coñecemento que mediante resolución da Alcaldía do 31/05/2021 ditouse o decreto que literalmente se transcribe:

“**ASUNTO:** APROBACIÓN CONCESIÓN DEFINITIVA E PAGAMENTO BOLSAS PARA DEPORTISTAS

EXPEDIENTE: 2020/A002/000006 – 2020/G003/000631 - 2021/G003/000189

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A convocatoria e as bases reguladoras da bolsa de deportistas do Concello de Abegondo para o ano 2020 foi aprobada por Xunta de Goberno Local do 22 de outubro de 2020. As bases reguladoras da convocatoria de subvencións foron publicadas no taboleiro de anuncios, na web e na sede electrónica do Concello de Abegondo e no *Boletín Oficial da Provincia* núm 191 do 11 de novembro de 2020. O extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 196 do 18 de novembro 2020. O anuncio foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 231 do 16 de novembro 2020. Así mesmo, a mencionada convocatoria foi publicada na Base Nacional de Subvencións.

SEGUNDO. Foron presentadas no rexistro as seguintes solicitudes ao abeiro da dita convocatoria:

Nº expediente	Nº rexistro	Data	Nome	NIF
2020/A003/000456	3.673	27/11/20	AARON AMOR PARDO	***2460**
2020/A003/000457	3.686	30/11/20	VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	***4509**
2020/A003/000458	3.688	30/11/20	LAURA CETINA FERNANDEZ	***4509**
020/A003/000508	3.700	01/12/20	PABLO ALVAREZ RODRIGUEZ	***2581**
2020/A002/000007 2020/A003/000509	3.701	01/12/20	RUBEN BARREIRO GOMEZ	***5036**
2020/A003/000520	848	02/12/20	ROI CALVIÑO RABON	***4528**

TERCEIRO. Mediante a resolución da Alcaldía núm. 589/2020 do 31/12/2020, logo da valoración por parte da Comisión Avaliadora, aprobouse a concesión provisional na que se indicaban as axudas concedidas provisionalmente supeditadas á presentación da documentación requirida e a axuda denegada.

CUARTO. Consta no expediente a proposta de concesión definitiva, o informe técnico sobre o cumprimento dos requisitos e o informe de Intervención.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- O Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de orzamentos
- Bases de execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de bases a deportistas de Abegondo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os membros da Comisión Avaliadora nomeados nas bases reguladoras reuníronse para examinar as solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria, do que informan que presentaron solicitude no prazo regulamentario indicado nas bases reguladoras, os seguintes deportistas:

Nº expediente	Nº rexistro	Data	Nome	NIF
2020/A003/000456	3.673	27/11/20	AARON AMOR PARDO	***2460**
2020/A003/000457	3.686	30/11/20	VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	***4509**
2020/A003/000458	3.688	30/11/20	LAURA CETINA FERNANDEZ	***4509**
2020/A003/000508	3.700	01/12/20	PABLO ALVAREZ RODRIGUEZ	***2581**
2020/A002/000007 2020/A003/000509	3.701	01/12/20	RUBEN BARREIRO GOMEZ	***5036**
2020/A003/000520	848	02/12/20	ROI CALVIÑO RABON	***4528**

SEGUNDA. A Comisión Avaliadora elaborou a acta o 9 de decembro de 2020 no que fan constar as solicitudes e consta a avaliación e valoración das solicitudes e a proposta de resolución.

TERCEIRA. De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto a administración accederá aos datos tributarios e fiscais e da seguridade social co obxecto de consultar que non ten débedas pendentes. Presúmese que a consulta ou obtención é autorizada salvo que conste no procedemento a oposición expresa. O Concello comprobou os datos tributarios e fiscais e coa seguridade social e os deportistas e/ou representantes no caso de menores de idade, atópanse ao corrente nas súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social. Constan as consultas nos correspondentes expedientes de tramitación da plataforma TEDEC efectuadas o día 29/12/2020 e a validez desta consulta está en vigor ata o día 29/06/2021.

CUARTA. De acordo coa proposta que consta na acta da Comisión, mediante a resolución da Alcaldía núm. 589/2020 do 31/12/2020, concedéronse as seguintes subvencións, supeditadas á presentación da documentación requirida, a cal se indica en cada un dos expedientes das subvencións:

DEPORTISTA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
AARON AMOR PARDO	1.500,00
VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	3.000,00
LAURA CETINA FERNANDEZ	800,00
RUBEN BARREIRO GOMEZ	200,00
ROI CALVIÑO RABON	3.000,00
Total	8.500,00

QUINTA. De acordo coa proposta que consta na acta da Comisión Avaliadora, mediante a resolución da Alcaldía núm. 589/2020 do 31/12/2020 resolveuse denegar a seguinte axuda:

DEPORTISTA	MOTIVO
PABLO ALVAREZ RODRIGUEZ	Non cumpre coa finalidade establecida nas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

	bases da convocatoria
--	-----------------------

SEXTA. Á vista da acta e da resolución de concesión provisional, o Concello enviou os requirimentos a aqueles deportistas cuxos expedientes estaban incompletos, para que presentasen a documentación solicitada para emendar a falta.

Nº expediente	Nome	NIF
2020/A003/000456	AARON AMOR PARDO	***2460**
2020/A003/000457	VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	***4509**
2020/A003/000458	LAURA CETINA FERNANDEZ	***4509**
2020/A002/000007 - 2020/A003/000509	RUBEN BARREIRO GOMEZ	***5036**

SÉTIMA. Logo de rematar o prazo de presentación da documentación requirida, a Comisión elaborou unha nova acta na que se indica que presentaron en tempo e forma a documentación requirida os seguintes deportistas:

Nº expediente	Nome	NIF	Presentación documentación
2020/A003/000456	AARON AMOR PARDO	***2460**	Rex. 202100000000171 - data 26/01/2021
2020/A003/000457	VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	***4509**	Rex. 202100000000135 - data 21/01/2021
2020/A003/000458	LAURA CETINA FERNANDEZ	***4509**	Rex. 202100000000199 - data 29/01/2021

Non presentou a documentación requirida no prazo establecido:

Nº expediente	Nome	NIF
2020/A002/000007 - 2020/A003/000509	RUBEN BARREIRO GOMEZ	***5036**

OITAVA. Logo de revisar a documentación por parte da Comisión compróbase que se axusta ao esixido no requirimento e nas bases reguladoras da convocatoria como documentación xustificativa para proceder ao pago da axuda. É polo que a Comisión Avaliadora na acta do día 26/04/2021 propón a concesión das bolsas aos seguintes deportistas cos importes indicados a continuación:

DEPORTISTA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
AARON AMOR PARDO	1.500,00
VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	3.000,00
LAURA CETINA FERNANDEZ	800,00
ROI CALVIÑO RABON	3.000,00
Total	8.300,00

Á vista do anterior considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación por parte do alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local (decreto de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019), en virtude do artigo 21.3ª e 23.2ªb da Lei 7/1985, de bases de réxime local, en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de ditar o presente decreto.

SEGUNDO. De acordo coa proposta que consta na acta da Comisión Avaliadora, conceder definitivamente as seguintes axudas:

DEPORTISTA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
AARON AMOR PARDO	1.500,00
VICTOR FERNANDEZ RODRIGUEZ	3.000,00
LAURA CETINA FERNANDEZ	800,00
ROI CALVIÑO RABON	3.000,00
Total	8.300,00

TERCEIRO. De acordo coa proposta que consta na acta da Comisión Avaliadora, denegar as seguintes axudas:

DEPORTISTA	MOTIVO
PABLO ALVAREZ RODRIGUEZ	Non cumpre coa finalidade establecida nas bases da convocatoria
RUBEN BARREIRO GOMEZ	Non presentou a documentación xustificativa requirida

CUARTO. A autorización, disposición e recoñecemento da obriga da contía do 100% de cada unha das subvencións relacionadas, con cargo á aplicación orzamentaria 341/48000, por un importe total de oito mil trescentos euros (8.300,00 €).

QUINTO. A ordenación do pago das subvencións concedidas definitivamente polos importes indicados.

SEXTO. Darlle traslado do presente acordo aos interesados para os efectos oportunos a través da publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo e na Base Nacional de Subvencións.

SÉTIMO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

O que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Abegondo, 8 de xuño de 2021



O alcalde

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.